



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 06 de maio de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos do día seis de maio de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(370).- RATIFICACIÓN DE URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(371).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO”, ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS S.A. EXPTE. 18269/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 6/05/19, dáse conta da acta de data 6/05/19 asinada polo xefe de Deportes e pola xefa do Servizo de Contratación, en relación co contrato referido, que di o seguinte:

Con data do 6 de maio de 2019 recibíuse a documentación presentada por SETPOINTS EVENTS, S.A. no trámite de emenda do sobre A do PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A

CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO”.
Dita documentación presentouse dentro do prazo concedido.

Na Oficina de Contratación, o 6 de maio de 2019, ás 13:10 horas, reúnense a responsable do contrato – xefe do Servizo de Deportes xunto coa técnica de Administración xeral por delegación da xefa do Servizo de Contratación, para a apertura e cualificación da documentación presentada, de acordo co previsto na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), aprobado pola Xunta de Goberno local o 25 de abril de 2019.

Compróbase que o licitador achega o acordo de confidencialidade conforme ao Anexo II do PCAP debidamente asinado, polo que se entende emendada a documentación do sobre A.

Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir neste procedemento a SETPOINT EVENTS, S.A.

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” co seguinte resultado:

- Propón como prezo do contrato o de 139.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 24.123,97 euros.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación se o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e coa Seguridade Social. A documentación acreditativa destas circunstancias foi incorporada ao expediente.

O acto finaliza ás 13:15 horas do día sinalado no encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co contido da precedente acta ,acorda “Adxudicar a SETPOINT EVENTS, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para a celebración do evento deportivo “World Padel Tour Concello de Vigo” (18.269-333-101) por un prezo total de 139.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 24.123,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez